



ID:

CUESTIONARIO TIPO TEST DE 30 PREGUNTAS SOBRE OS TEMAS XERAIS DO PROGRAMA (ANEXO I.A) PROCESO DE SELECCIÓN FUNCIONARIO/A INTERINO/A DA PRAZA DE ARQUITECTO/A TÉCNICO MUNICIPAL DO CONCELLO DE CEE (BOP Nº 142 DO 30 DE XULLO)

OBSERVACIÓNS:

- A realización do exercicio terá unha duración máxima de corenta e cinco (45) minutos.
- Indíquese a opción elixida de maneira clara e evidente na plantilla anexa ao exame. No caso de cambiar a resposta fágao de maneira que non queden dúbidas sobre a opción definitiva. De ser dubidosa a opción seleccionada, será refutada como non contestada.
- Deberá responder tamén as cinco preguntas de reserva, que serán cualificadas no suposto de que algunha das 30 principais conteña un erro ou sexa determinada nula polo Tribunal, polo mesmo orden en que aparecen.
- A plantilla das repostas deberá estar asinada e indicará o DNI do candidato.
- Puntuarase cun máximo de 10 puntos, quedando eliminadas as persoas que non acaden un mínimo de 5 puntos.
- Non se valoraran as preguntas non contestadas e as falladas restarán 0,25 puntos cada unha.

1.-A Constitución Española de 1978 está formada por:

- a) 10 títulos, catro disposicións adicionais, sete disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e una disposición final.
- b) Un Preámbulo, 11 títulos, catro disposicións adicionais, nove disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e una disposición final.
- c) Preámbulo, 10 títulos, catro disposicións adicionais, sete disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e una disposición final.

2.-De conformidade co artigo 19 da Constitución Española de 1978 teñen dereito a elixir libremente a súa residencia e a circular polo territorio nacional.

- a) Todas as persoas.
- b) Os españois.
- c) Os cidadáns.

3.-Segundo o artigo 1 da Constitución Española de 1978, non é/son valor/es superior/es do ordenamento xurídico:

- a) A liberdade e o pluralismo político
- b) Os da xustiza e igualdade.
- c) O respecto á lei e aos dereitos dos demais.

4.-Segundo o artigo 137 da Constitución Española de 1978, o Estado se organiza territorialmente en:

- a) Comunidades autónomas e provincias.
- b) Comunidades autónomas, provincias e municipios.
- c) Municipios, provincias e nas Comunidades Autónomas que se constitúan.

5.-Cal das seguintes competencias non é exclusiva do Estado, segundo o disposto no artigo 149 da Constitución Española de 1978?

- a) Obras públicas de interese xeral.
- b) Vivenda.
- c) Administración de Xustiza.



6.- Sinala a resposta incorrecta, segundo o disposto polo artigo 140 da Constitución Española de 1978

- a) O goberno e a administración dos municipios corresponde aos concellos, integrados polos Alcaldes e Concelleiros.
- b) Os Alcaldes serán elixidos unicamente polos veciños do municipio mediante sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto.
- c) Os Alcaldes serán elixidos polos Concelleiros ou polos veciños.

7.- O Artigo 10 do Estatuto de Autonomía de Galicia establece entre as funcións do Parlamento de Galicia:

- a) Exercer con carácter exclusivo a potestade lexislativa da Comunidade Autónoma.
- b) Solicitar do Congreso dos Deputados a aprobación de leis nas materias previstas no Estatuto.
- c) Solicitar do Goberno a adopción de proxectos de lei e presentar perante a Mesa do Congreso dos Deputados, proposicións de lei.

8.- Segundo o artigo 36 do Estatuto de Autonomía de Galicia a Comunidade Autónoma está habilitada para:

- a) Solicitar do Estado a transferencia ou delegación de competencias non asumidas no Estatuto.
- b) Solicitar do Goberno da Nación a autorización para celebrar convenios que lles permitan o establecemento de relacións culturais cos Estados da Unión Europea.
- c) Solicitar do Goberno da Nación autorización para celebrar convenios de cooperación con outros Estados onde existan comunidades que teñan recoñecida a súa galeguidade.

9.- Como dispón o artigo 43 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, as notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas:

- a) Dende o momento no que se produza o acceso ao seu contido
- b) Cando transcorresen 10 días naturais dende a súa posta a disposición sen que se acceda o seu contido.
- c) Dende o momento no que se teña constancia da súa recepción.

10.- Conforme dispón a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, cando unha solicitude non reúna as condicións necesarias requirirase ao interesado para que emende a falta ou achegue os documentos preceptivos:

- a) Nun prazo de 10 días, que, en determinados supostos, poderá ser ampliado ata 5 días.
- b) Nun prazo de 20 días, que, en determinados supostos, poderá ser ampliado ata 5 días.
- c) Nun prazo de 15 días, que, en determinados supostos, poderá ser ampliado ata 5 días.



11.- O artigo 35 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas establece a obriga de motivar os actos administrativos, con sucinta referencia aos feitos e fundamentos de dereito:

- a) Cando limiten dereitos subxectivos ou intereses lexítimos.
- b) En todo caso.
- c) En ningún caso.

12.- Diga cal non constitúe un suposto de nulidade de pleno dereito, segundo o disposto polo artigo 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas :

- a) A desviación de poder.
- b) Prescindir total e absolutamente do procedemento legalmente establecido.
- c) Adquirir facultades ou dereitos en contra do ordenamento xurídico cando se careza dos requisitos esenciais.

13.- Os procedementos administrativos poderán iniciarse de oficio, segundo o disposto no artigo 58 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas :

- a) Por acordo do órgano competente, ben por propia iniciativa ou como consecuencia de orde superior, a petición razoada doutros órganos.
- b) Por acordo do órgano competente, ben por propia iniciativa ou como consecuencia de orde superior, a petición razoada doutros órganos ou por denuncia.
- c) Todas as anteriores son correctas.

14.- Segundo o artigo 114 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, cal das seguintes resolucións non poñen fin á vía administrativa:

- a) A resolución administrativa dos procedementos de responsabilidade patrimonial.
- b) As resolucións dos órganos administrativos que carezan de superior xerárquico, salvo cando unha disposición regulamentaria estableza o contrario.
- c) As resolucións dos recursos de alzada.

15.- Sinala a resposta correcta en relación co recurso de alzada regulado na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas:

- a) O prazo para a interposición será dun mes, se o acto fora expreso e se non o fora, de tres meses, a partir do día seguinte a aquel no que, de acordo coa súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo.
- b) O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será dun mes.
- c) Se o acto non fora expreso o solicitante o poderá interpor en calquera momento a partir do día seguinte a aquel no que, de acordo coa súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo.



16.- Segundo o artigo 47 da Constitución Española de 1978, en relación co dereito a unha vivenda digna e adecuada, os poderes públicos regularán a utilización do solo de acordo co interese xeral para:

- a) Loitar contra a especulación.
- b) Controlar a especulación
- c) Impedir a especulación.

17.- Sinala cales das seguintes son entidades locais territoriais:

- a) Os municipios, as provincias e as illas.
- b) As mancomunidades de municipios.
- c) Os municipios.

18.- Sinala, en relación co Padrón municipal cal das seguintes afirmacións é falsa:

- a) A condición de veciño adquirese no mesmo momento da súa inscrición no Padrón.
- b) O mantemento e a revisión do Padrón corresponde á Administración Xeral do Estado.
- c) Os datos do Padrón constitúen proba da residencia no municipio e do domicilio habitual no mesmo.

19.- Cal dos seguintes non son dereitos e deberes dos veciños?:

- a) Participar na xestión municipal unicamente cando a colaboración con carácter voluntario sexa interesada polos órganos de goberno.
- b) Esixir a prestación dos servizos obrigatorios.
- c) Exercer a iniciativa popular.

20.- Sinala cal destas competencias non lle corresponde ao Pleno:

- a) Aprobación inicial do planeamento xeral.
- b) Aprobación que poña fin á tramitación municipal de planes e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística.
- c) Ditar bandos.

21.- Cal das seguintes afirmacións é correcta?:

- a) O Alcalde, a Xunta de Goberno Local e o Pleno existen en todos os concellos.
- b) O Alcalde e o Pleno existen en todos os concellos.
- c) A Xunta de Goberno Local existe en todos os municipios con poboación superior a 3.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno.



22.- Cal das seguintes funcións non é específica da Xunta de Goberno Local:

- a) A asistencia ao alcalde no exercicio das súas atribucións.
- b) As atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal lle delegue ou lle atribúan as leis.
- c) O estudo, informe o consulta dos asuntos que serán sometidos á decisión do Pleno.

23.-O outorgamento das licenzas:

- a) É competencia da persoa titular da Alcaldía.
- b) É competencia da Xunta de Goberno Local.
- c) É competencia da persoa titular da Alcaldía, salvo que as leis sectoriais a atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local.

24.- A aprobación das ordenanzas locais axustarase ao seguinte procedemento:

- a) Aprobación inicial polo Pleno, información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións, resolución de todas as reclamacións e suxestións e aprobación definitiva polo Pleno.
- b) Aprobación inicial polo Pleno, información pública e audiencia aos interesados no prazo máximo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións, resolución de todas as reclamacións e suxestións e aprobación definitiva polo Pleno.
- c) Aprobación inicial polo Pleno, información pública e audiencia aos interesados no prazo máximo de vinte días para a presentación de reclamacións e suxestións, resolución de todas as reclamacións e suxestións e aprobación definitiva polo Pleno.

25.- As ordenanzas, sen prexuízo do regulado para aquelas de carácter fiscal, publicaranse no:

- a) Diario oficial de Galicia
- b) Boletín oficial do Estado
- c) Boletín oficial da Provincia

26.- Cal destes servizos é de prestación obrigatoria nun municipio de menos de 20.000 habitantes?

- a) Instalacións deportivas de uso público.
- b) Tratamento de residuos.
- c) Extinción de incendios.



27. En relación coa delimitación dos tipos contractuais administrativos, indique a resposta incorrecta, conforme a lexislación en vigor:

- a) Un contrato de obras pode ter por obxecto a realización dunha obra conxuntamente coa redacción do proxecto.
- b) O contrato de servizos obrigará ao concesionario a proxectar, executar, conservar, repoñer e reparar aquelas obras que sexan accesorias ou estean vinculadas coa actividade ou servizo a desenvolver.
- c) Os programas de ordenador desenvolvidos á medida considéranse contratos de servizos.

28. Cal das seguintes afirmacións relativas ao contrato menor non é correcta, segundo a lexislación en vigor?

- a) A súa tramitación esixirá o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato.
- b) No caso de contratos de obras, deberase engadir o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando as normas específicas así o requiran.
- c) A súa tramitación unicamente esixirá a aprobación do gasto e a incorporación da factura correspondente.

29.- Segundo a lexislación en vigor, cal dos seguintes supostos constitúe unha causa de resolución dun contrato administrativo?

- a) O mutuo acordo entre a Administración e o contratista.
- b) Decisión unilateral do contratista.
- c) A suspensión dun contrato por un prazo superior a 3 días hábiles.

30.- Cal é o prazo previsto na lexislación vixente para a presentación de ofertas nun contrato administrativo de obras non suxeito a regulación harmonizada, no procedemento aberto?

- a) Non inferior a 15 días.
- b) Non inferior a 26 días
- c) Non inferior a 1 mes



PREGUNTA DE RESERVA

R1.- Cales dos seguintes contratos administrativos non se pode adxudicar a través do procedemento aberto simplificado, regulado pola lexislación vixente?

- a) Contrato de obras
- b) Contrato de concesión de obras
- c) Contrato de subministro.

R2.- O órgano que resolve un recurso administrativo, decidirá:

- a) Sobre cantas cuestións, tanto de fondo como de forma, suscite o procedemento e teñan sido alegadas polos interesados.
- b) Só sobre as cuestións de fondo que teñan sido alegadas polos interesados.
- c) Sobre cantas cuestións, tanto de fondo como de forma, suscite o procedemento, teñan sido ou non alegadas polos interesados.

R3.- Cal dos seguintes principios non está garantido pola Constitución Española de 1978, de acordo co disposto no seu artigo 9:

- a) Principio de xerarquía normativa.
- b) Principio de legalidade.
- c) Principio de boa fe.

R4.- Segundo o artigo 1.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, os poderes da Comunidade Autónoma de Galicia emanan de:

- a) Do pobo.
- b) Da Constitución, do Estatuto de Autonomía e do pobo.
- c) Do Parlamento, da Xunta e do seu Presidente.

R5.- Cal destes servizos non é de prestación obrigatoria nun municipio de menos de 20.000 habitantes?

- a) Parque público.
- b) Instalacións deportivas de uso público.
- c) Biblioteca pública.